

Contabilidade trimestral. Segundo trimestre de 2008

NOTA DE PRENSA


A economía galega rexistra un crecemento do 2,4% no segundo trimestre de 2008

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no segundo trimestre de 2008 rexistrou un crecemento do 2,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en oito décimas ao rexistrado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego supera en seis décimas ao obtido pola economía española (1,8%) e en oito décimas ao estimado para a Unión Europea (1,6%).

O crecemento intertrimestral sitúase no 0,2%, tres décimas menos que no trimestre anterior.


Estes datos coinciden cos publicados na estimación avance difundidos o pasado 25 de agosto.



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

A demanda en termos nacionais contribúe con 1,7 puntos ao crecemento do PIB, reducíndose en 1,5 puntos a súa achega ao crecemento agregado. Non obstante, obsérvase unha mellora da contribución do sector exterior (de 0 a 0,7 puntos).



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007				2008	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	4,4	4,7	3,9	3,2	2,9	2,1
-Gasto en consumo final dos fogares	4,3	4,8	3,9	3,2	2,7	1,6
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	4,6	4,4	3,9	3,4	3,4	3,6
Formación bruta de capital	7,0	5,3	6,2	4,9	2,5	0,2
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	5,9	5,6	5,3	4,3	3,2	1,7
Exportacións de bens e servizos	7,4	5,7	8,3	2,7	1,3	1,2
Importacións de bens e servizos	8,4	6,4	8,3	2,9	1,0	0,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,1	4,2	4,1	3,8	3,2	2,4

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares crece un 1,6%, un punto e unha décima inferior ao crecemento que experimentou no trimestre anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos principais indicadores deste agregado, que presentan menores crecementos neste trimestre que no anterior (nivel de emprego da economía, índice de vendas de comercio polo miúdo, matriculacións de turismo...).

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 3,6%, dúas décimas máis que no trimestre anterior.

A formación bruta de capital reduce a súa taxa de crecemento neste segundo trimestre, desde o 2,5% ata o 0,2%. Esta evolución é resultado do menor impulso da construción e do investimento en bens de equipo, xa que tanto a produción industrial como as importacións deste tipo de bens e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas de crecemento inferiores ao trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta é superior en sete décimas á do trimestre anterior. As exportacións creceron un 1,2% no segundo trimestre, unha décima inferior á do primeiro trimestre. Pola súa parte, as importacións creceron un 0,1%, o que supón un descenso de nove décimas sobre o crecemento do trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, agás nas ramas enerxéticas, obsérvase unha diminución nas taxas de crecemento.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007				2008	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Ramas agraria e pesqueira	-1,4	2,5	2,9	5,2	4,2	-0,4
Ramas enerxéticas	3,8	1,7	1,8	-1,0	-2,9	0,5
Ramas industriais	4,7	3,7	7,6	0,3	0,7	-2,9
Construción	3,9	4,4	4,5	4,6	3,8	2,6
Ramas dos servizos	3,9	4,5	4,1	4,4	3,8	3,4
- Servizos de mercado	4,3	4,1	4,2	4,4	3,5	3,2
- Servizos non de mercado	2,4	5,7	4,1	4,4	5,0	4,6
Impostos netos sobre os produtos	3,9	4,7	7,2	1,0	3,4	1,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,1	4,2	4,1	3,8	3,2	2,4

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

As ramas agraria e pesqueira diminuíron significativamente o seu ritmo de crecemento, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles.

No caso das ramas industriais acádanse menores taxas de variación interanuais que no trimestre anterior, en sintonía coa evolución do índice de produción industrial, acadando un rexistro de -2,9%, contrariamente ao que sucede coa enerxía que medra un 0,5%.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do 2,6%, 1,2 puntos inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior, debido basicamente á desaceleración da edificación residencial.

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 3,4%, catro décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en tres décimas ao rexistrado no primeiro trimestre de 2008, quedando situada a taxa no 3,2%. Os servizos non de mercado creceron un 4,6%, catro décimas menos que no trimestre precedente.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no segundo trimestre de 2008 un crecemento interanual do 0,9%, nove décimas menos que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 11.011 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2007				2008	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Ramas agraria e pesqueira	-2,7	0,3	-4,3	-5,1	-3,5	-8,0
Ramas enerxéticas	-4,7	-6,3	-7,2	-6,6	-3,4	-1,9
Ramas industriais	1,4	2,7	3,2	4,0	1,9	0,3
Construción	4,6	4,3	3,5	2,8	0,6	0,0
Ramas dos servizos	4,1	4,3	3,0	2,8	2,9	2,6
- Servizos de mercado	4,8	4,0	2,8	3,5	2,5	2,4
- Servizos non de mercado	2,5	5,0	3,5	1,3	3,8	3,0
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	3,1	3,6	2,3	2,2	1,8	0,9

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, o comportamento é similar ao que ocorre na oferta, todas as ramas minoran o seu crecemento agás as enerxéticas. Son os servizos os que presentan un mellor comportamento, acadan unha taxa do 2,6%. Os servizos de mercado minoran o seu crecemento en 1 décima e os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 3,0%, oito décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior.

As ramas agraria e pesqueira acadan taxas interanuais do -8,0%, a construción presenta un crecemento nulo, seis décimas menos que no trimestre anterior e as ramas industriais descenden 1,6 puntos porcentuais a súa taxa de crecemento quedando esta situada no 0,3%.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un menor dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 0,8%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 7.680 postos de traballo asalariados a tempo completo.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2007				2008	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Ramas agraria e pesqueira	-0,8	0,0	-3,3	-2,2	-9,4	-10,0
Ramas enerxéticas	-4,7	-6,1	-7,1	-6,5	-3,2	-1,6
Ramas industriais	1,5	3,1	3,5	4,0	1,4	-0,4
Construción	4,8	4,5	3,6	3,1	0,6	0,1
Ramas dos servizos	4,0	4,3	3,0	2,7	2,8	1,9
- Servizos de mercado	4,9	3,9	2,6	3,5	2,2	1,3
- Servizos non de mercado	2,5	5,0	3,5	1,3	3,8	3,0
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	3,4	3,8	2,8	2,7	1,8	0,8

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,4%, unha décima superior á cifra acadada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta un crecemento interanual do 6,0%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 3,5%, seis décimas superior ao do trimestre anterior.

Contabilidade trimestral. Base 2000. Segundo trimestre de 2008

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2007				2008	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	7,1	7,2	7,0	6,9	6,8	6,2
-Gasto en consumo final dos fogares	7,0	7,1	7,0	6,8	6,6	5,8
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	7,4	7,3	7,0	7,0	7,4	7,7
Formación bruta de capital	11,0	10,4	10,4	10,1	10,2	5,0
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	9,6	9,4	9,3	9,1	9,1	6,7
Exportacións de bens e servizos	13,2	11,0	15,1	7,2	4,1	4,3
Importacións de bens e servizos	13,2	11,4	15,1	9,4	6,9	4,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	7,6	7,5	7,0	6,4	6,2	6,0
Ramas agraria e pesqueira	5,3	3,7	8,7	6,6	3,1	8,3
Ramas enerxéticas	6,1	1,2	3,4	6,8	1,6	17,3
Ramas industriais	8,3	7,1	11,7	4,3	4,8	1,2
Construción	9,5	9,3	9,8	9,9	9,0	10,5
Ramas dos servizos	6,6	7,2	7,3	8,4	8,9	8,3
- Servizos de mercado	6,8	6,6	7,1	8,5	8,7	8,2
- Servizos non de mercado	6,0	9,3	8,2	8,0	9,4	8,6
Impostos netos sobre os produtos	11,0	10,7	-3,0	-5,4	-6,2	-8,9

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.eu>